

COCAÍNA

A cocaína é unha substancia que se extrae a partir das follas da planta *Erythroxilon Coca*. Trátase dunha **substancia estimulante** do Sistema Nervioso Central de acción rápida e duración breve.



PRESENTACIÓN

A cocaína caracterízase por ser un po cristalino de cor branco.

A súa vía de administración pode ser tanto nasal (a máis utilizada), como inxectada ou fumada.



COCAÍNA E ADOLESCENCIA

É a etapa onde comeza o maior número de consumos de esta substancia.

Canto menor é a idade da persoa consumidora, maiores son os riscos e a posibilidade de xerar dependencia.



PSICOSIS COCAÍNICA

Caracterízase por presentar **ideas paranoides** que se traducen en confusión, crises agudas de pánico, episodios alucinatorios e incluso perda do coñecemento. Pode aparecer tras un consumo prolongado ou un abuso de maneira esporádica.



ELIMINACIÓN

A cocaína tarda en eliminarse do noso organismo aproximadamente entre **3 o 4 días**.

Por outra banda, consumir unha cantidade excesiva pode ser mortal en poucos minutos. Sucede tras un periodo de hiperestimulación no que aparecen dificultades respiratorias irreversibles, que poden ocasionar unha parada cardíaca ou un infarto cerebral.



ALGÚNS DATOS

A cocaína é unha substancia moi adictiva e xera gran dependencia. É recoñecida por quen a consume como aquela substancia que demanda certa continuidade.

Non é necesario consumir moita cantidade para sufrir unha hemorraxia cerebral ou un colapso cardíaco que impida respirar.

A interacción de alcol e cocaína resulta moi perigosa, provocando un efecto máis duradeiro e máis tóxico.

Consumir cocaína durante o embarazo aumenta a probabilidade de sufrir un aborto ou de que o feto sufra graves secuelas.

É especialmente contraproducente para persoas que sofren enfermidades de fígado, riles, corazón ou sistema circulatorio.

O consumo de cocaína diminúe o desexo sexual e ocasiona problemas de erección e exaculación nos homes, e amenorrea (supresión do fluxo menstrual) e outras alteracións menstruais nas mulleres.